

TÍTULO DO CURSO: "TRANSFORMAR PARA EDUCAR: NORMATIVA, ORGANIZACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA EN INFANTIL E PRIMARIA"

DESCRINCIÓN DO CURSO

Este curso en liña está dirixido principalmente ao profesorado de Educación Infantil e Primaria que desexa afondar no coñecemento do marco normativo, organizativo e pedagógico dos centros educativos en Galicia, co obxectivo de mellorar a súa práctica docente e a súa participación na vida do centro.

Ao longo da formación, analizarase a lexislación educativa vixente aplicable ás etapas de infantil e primaria, a organización dos centros docentes e o papel das distintas figuras de coordinación e xestión. Abordaranse tamén os principais protocolos de actuación que regulan a resposta educativa ante situacións habituais nos centros escolares, así como os plans e programas impulsados pola Consellería como ferramentas de mellora e innovación educativa.

O curso prestará especial atención á atención á diversidade desde unha perspectiva inclusiva, á utilización rigorosa da documentación oficial do centro e á integración de metodoloxías activas e da avaliación formativa e competencial na práctica diaria da aula. Trátase dunha formación en modalidade en liña (Moodle e unha videochamada final), de carácter práctico e aplicado, orientada a facilitar a transferencia dos coñecementos adquiridos á realidade das aulas e dos centros de Educación Infantil e Primaria.

PERSOA TITORA

Rubén Martínez García

ruben.martinez.garcia@edu.xunta.gal

DURACIÓN, DATA DE INICIO E DE FIN

50 horas. Do 2 de novembro ao 20 de decembro de 2026

REQUISITOS MÍNIMOS

- Coñecementos básicos de informática: capacidade para usar un navegador web, realizar buscas en Internet e xestionar arquivos (subir, descargar, gardar).
- Unha conexión estable a Internet.
- Navegador web actualizado: Chrome, Firefox, Safari, Edge, Opera, etc.
- Unha conta na plataforma de teleformación de CCOO Ensino. Se non a tes xa, proporcionaráselle unha vez se formalice a matrícula no curso.

- Ganas de explorar, experimentar e aprender sobre a función docente!

OBXECTIVOS XERAIS

- Coñecer e interpretar a lexislación educativa vixente en Galicia aplicable aos centros de educación infantil e primaria.
- Comprender a estrutura organizativa dos centros docentes e os roles das distintas figuras de coordinación e xestión.
- Analizar os principais protocolos de actuación nos centros escolares (absentismo, acoso escolar, protección de datos, atención temperá, etc.).
- Actualizarse nos plans e programas impulsados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Reflexionar sobre as tendencias actuais en metodoloxía educativa e innovación pedagóxica.
- Identificar e aplicar medidas para a atención á diversidade desde unha perspectiva inclusiva.
- Integrar os principios da avaliación formativa e competencial nas prácticas docentes.
- Utilizar documentación e instrumentos oficiais con rigor técnico e pedagóxico (proxectos educativos, programacións didácticas, documentos de centro...).

CONTIDOS

- Marco legal e curricular vixente aplicable aos centros de infantil e primaria.
- Organización dos centros educativos: órganos de goberno e coordinación, documentos de centro (PE, NOFC, PAT, PXA...) e xestión do tempo escolar.
- Análise e aplicación dos principais protocolos educativos da Consellería.
- Atención á diversidade: medidas ordinarias e extraordinarias, avaliación psicopedagóxica, coordinación cos principais axentes educativos, planificación de apoios...
- Plans e programas da Consellería como ferramentas de mellora educativa e dinamización da vida escolar.
- Metodoloxías e avaliación: enfoques innovadores na práctica docente e avaliación formativa e competencial.

➤ **MÓDULOS. DESCRICIÓN, OBXECTIVOS E AVALIACIÓN**

❖ **MÓDULO 0 – Comezamos o camiño: presentación e punto de partida (1 hora)**

2 de novembro de 2026 - 3 de novembro de 2026

Descrición:

Neste primeiro módulo establecerase o punto de partida común para o curso. Presentarémonos no foro, coñeceremos o enfoque da formación e responderemos a un breve cuestionario para identificar o nivel de partida e as necesidades formativas do grupo.

Obxectivos específicos:

- Coñecer a estrutura e obxectivos do curso.
- Establecer o primeiro contacto entre participantes.
- Identificar intereses e necesidades formativas do grupo.
- Tomar conciencia do punto de partida a través do cuestionario inicial.

❖ **MÓDULO 1 – Marco curricular e avaliación en Educación Primaria: que di a norma e como aplicala na aula (7 horas)**

4 de novembro de 2026 - 10 de novembro de 2026

Descrición:

Neste módulo abordarase a lexislación educativa básica vixente en Galicia desde unha perspectiva eminentemente curricular, tomando como referencia principal o Decreto 155/2022 e a Orde do 26 de maio de 2023. Analizaranse os elementos do currículo de Educación Primaria e a súa concreción nos documentos de centro e de aula, con especial atención á programación didáctica, os procesos de ensino-aprendizaxe e os procedementos e documentos de avaliación.

Obxectivos específicos:

- Coñecer o marco normativo curricular vixente en Galicia para a etapa de Educación Primaria.
- Analizar os elementos curriculares e a súa relación coa planificación docente.
- Comprender o proceso de elaboración da programación didáctica conforme a normativa actual.

- Identificar os documentos e instrumentos de avaliación desde un enfoque formativo e competencial.
- Aplicar criterios normativos e pedagóxicos á práctica docente cotiá.

❖ **MÓDULO 2 – Xestionar e coordinar: organización e funcionamento dos centros de Educación Infantil e Primaria (7 horas)**

11 de novembro de 2026 – 18 de novembro de 2026

Descrición:

Este módulo afonda na estrutura organizativa dos centros educativos galegos de Educación Infantil e Primaria, focalizando a atención nos órganos de goberno e coordinación docente. Partindo do Decreto 374/1996 e a Orde do 22 de xuño de 1997 como referentes reitores, combinarase o estudo da normativa co seu uso práctico, e manexaranse tamén os documentos de centro imprescindibles e a súa relación coa coordinación e xestión diaria.

Obxectivos específicos:

- Comprender a estrutura e a organización dos centros de Infantil e Primaria en Galicia.
- Recoñecer o rol dos órganos de goberno e de coordinación docente na planificación e coordinación docente.
- Coñecer a normativa básica (Decreto 374/1996 e Orde do 22 de xuño de 1997) que regula a organización dos centros, así como as súas principais actualizacións.
- Identificar e analizar os principais documentos de centro para a xestión e planificación docente.

❖ **MÓDULO 3 – Xestión do tempo escolar: profesorado, alumnado e diversidade lingüística (6 horas)**

19 de novembro de 2026 – 23 de novembro de 2026

Descrición:

Neste módulo trátase a organización dos tempos nos centros educativos, centrando a atención tanto na xornada laboral do profesorado de Infantil e Primaria como na xornada lectiva do alumnado. En relación co profesorado, analizaranse os horarios, descansos, distribución das horas lectivas, complementarias e de non obrigada permanencia, segundo a normativa vixente. Canto ao alumnado, analizaranse os períodos lectivos por áreas e cursos, tempos de recreo, tempos de lectura e oratoria, así como a posibilidade de organizar os tempos desde outros parámetros atendendo a razóns pedagóxicas (ámbitos,

por exemplo). Ademais, analizaranse as distintas posibilidades de impartición das áreas en diferentes linguas, tendo en conta o Decreto 79/2010, así como as características do propio centro (sección bilingüe/centro plurilingüe).

Obxectivos específicos:

- Coñecer a organización da xornada laboral do profesorado.
- Comprender como se pode articular o horario do alumnado para garantir unha planificación efectiva e un aproveitamento óptimo dos tempos escolares.
- Aplicar criterios normativos na distribución dos tempos escolares.
- Coñecer as posibilidades que a lexislación vixente recolle canto ao uso das linguas na impartición das áreas do currículo.

❖ MÓDULO 4 - Protocolos de actuación nos centros de Educación Primaria: prevención, intervención e coordinación (9 horas)

24 de novembro de 2026 - 1 de decembro de 2026

Descrición:

Este módulo céntrase no coñecemento e a aplicación dos principais protocolos de actuación que debe manexar o profesorado de Educación Primaria no seu labor diario. Abordaranse, desde unha perspectiva práctica e contextualizada, os protocolos relacionados coa atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), a acollida do alumnado, a protección infantil e o absentismo escolar, entre outros. Analizarase o papel do profesorado na detección, intervención inicial e coordinación cos distintos axentes implicados.

Obxectivos específicos:

- Coñecer os principais protocolos de actuación vixentes nos centros de Educación Primaria.
- Identificar o papel e as responsabilidades do profesorado na aplicación dos distintos protocolos.
- Comprender os procedementos básicos de detección, comunicación e intervención ante situacións de risco ou necesidade de apoio.
- Favorecer a coordinación co Departamento de Orientación, o equipo directivo e outros servizos externos.

- Aplicar os protocolos á práctica docente desde unha perspectiva preventiva e inclusiva.

❖ **MÓDULO 5 - Atención á diversidade en Educación Primaria: medidas, documentos e coordinación educativa (9 horas)**

2 de decembro de 2026 - 8 de decembro de 2026

Descrición:

Neste módulo abordaranse os coñecementos básicos que todo o profesorado de Educación Primaria debe manexar en relación coa atención á diversidade desde unha perspectiva inclusiva. Analizaranse as medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade, así como a importancia dos documentos de centro na planificación e resposta educativa (concreción curricular, PXAD, PAT, entre outros). Así mesmo, afondarase no papel do informe psicopedagóxico e na necesidade dunha adecuada coordinación entre o profesorado, o Departamento de Orientación e as familias.

Obxectivos específicos:

- Coñecer as medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade na etapa de Educación Primaria.
- Comprender a función dos principais documentos de centro na planificación da resposta educativa inclusiva.
- Identificar o papel do profesorado na detección de necesidades educativas e na aplicación das medidas de apoio.
- Analizar a finalidade e estrutura básica do informe psicopedagóxico.
- Favorecer a coordinación entre os distintos axentes educativos implicados na atención á diversidade.

❖ **MÓDULO 6 - Plans e proxectos que transforman a escola (5 horas)**

9 de decembro de 2026 - 13 de decembro de 2026

Descrición:

Neste módulo analizaranse os principais plans e programas impulsados pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades que teñen impacto directo na vida escolar e na transformación pedagóxica dos centros. Dende plans vinculados á biblioteca escolar e a dinamización lectora, escritora e de tratamento da información –como o PLAMBE, Radio na Biblio, Bibliotecas Solidarias, Concurso por Proxectos...– ata programas relacionados coa educación dixital e a innovación –como E-Dixgal, Polos Creativos, Plans Proxecta+, etc.–. A través deste módulo, coñeceranse os obxectivos, contidos,

posibles aplicacións didácticas... de cada plan ou programa, así como a súa relación coas competencias clave, o proxecto educativo e o pulo de prácticas innovadoras centradas no alumnado.

Obxectivos específicos:

- Coñecer os principais plans, proxectos e programas da Consellería relacionados coa biblioteca escolar, educación dixital e innovación pedagóxica en xeral.
- Comprender os obxectivos e posibles aplicacións didácticas de cada plan ou programa.
- Identificar como estes plans e programas poden integrarse no proxecto educativo e nas actividades do alumnado.
- Valorar a contribución destes proxectos á dinamización da vida escolar e ao fomento das competencias clave.
- Coñecer como aproveitar estas iniciativas na práctica docente diaria.

❖ MÓDULO 7 - Innovar para aprender: metodoloxías activas e avaliación transformadora (6 horas)

14 de decembro 2026 - 20 de decembro de 2026

Descrición:

Neste módulo abordarase o coñecemento e aplicación das metodoloxías activas e estratexias didácticas innovadoras, enfocadas a favorecer unha aprendizaxe significativa e competencial no alumnado. Tamén se analizarán os principios da avaliación formativa e transformadora, proporcionando instrumentos concretos de avaliación que permitan valorar o progreso do alumnado de forma obxectiva e guiar a súa aprendizaxe.

Obxectivos específicos:

- Coñecer diferentes metodoloxías activas e estratexias didácticas innovadoras aplicables na aula.
- Aplicar a avaliación formativa e transformadora para avaliar o progreso do alumnado e apoiar a aprendizaxe.
- Diseñar instrumentos de avaliación prácticos e adaptados a diferentes áreas e realidades da aula.
- Integrar metodoloxías e avaliación competencial para fomentar unha aprendizaxe significativa e participativa.

METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

O curso impártese na plataforma de [teleformación](#) de CCOO Ensino, que opera co software Moodle.

Cada módulo do curso está deseñado para proporcionar os coñecementos e habilidades esenciais relacionados co tema que trata. Polo tanto, é preciso que consultes activamente os materiais proporcionados. O contido dos módulos irase mostrando progresivamente a medida que o curso avance.

Do mesmo xeito, cada módulo ten actividades avaliáveis que terás que entregar dentro dos prazos establecidos. Para superar o curso, requirirase a avaliación positiva do 80 % das actividades propostas nos seguintes termos:

- Nos cuestionarios de autoavaliación haberá que obter polo menos un 80 % de respostas correctas para superar a actividade.
- No suposto práctico será preciso acadar polo menos un 5.

A continuación, podes consultar a táboa en que se detallan as actividades e as respectivas datas de entrega.

ACTIVIDADE	DATA DE ENTREGA
MÓDULO 0 (1 HORA)	
Actividade 0.1. Presentación no curso (non avaliábel)	2 de novembro de 2026 - 3 de novembro de 2026
MÓDULO 1 (7 HORAS)	
Actividade 1.1. Cuestionario de autoavaliación	4 de novembro de 2026 - 10 de novembro de 2026
MÓDULO 2 (7 HORAS)	
Actividade 2.1. Cuestionario de autoavaliación	11 de novembro de 2026 - 18 de novembro de 2026
MÓDULO 3 (6 HORAS)	
Actividade 3.1. Cuestionario de autoavaliación	19 de novembro de 2026 - 23 de novembro de 2026
MÓDULO 4 (9 HORAS)	

Actividade 4.1. Cuestionario de autoavaliación	24 de novembro de 2026 - 1 de decembro de 2026
MÓDULO 5 (9 HORAS)	
Actividade 5.1. Cuestionario de autoavaliación	2 de decembro de 2026 - 8 de decembro de 2026
MÓDULO 6 (5 HORAS)	
Actividade 6.1. Cuestionario de autoavaliación	9 de decembro de 2026 - 13 de decembro de 2026
MÓDULO 7 (6 HORAS)	
Actividade 7.1. Suposto práctico sobre metodoloxías e avaliación	14 de decembro 2026 - 20 de decembro de 2026

COMUNICACIÓN

Hai dispoñibles varios medios de comunicación: un foro de comunicación xeral para avisos e, ademais, un foro específico en cada módulo. Estes foros serven para facilitar a interacción tanto coas persoas titoras como co conxunto de participantes. Así mesmo, a plataforma ofrece un sistema de mensaxería interna. Como opción final, tamén é posible contactares coa persoa titora a través do correo electrónico.

LICENZA DE USO

Os contidos do curso están publicados baixo a licenza Creative Commons 4.0 Atribución-Compartir igual, que recolle as seguintes condicións:

- Liberdade de copiar e redistribuír o material en calquera medio ou formato.
- Liberdade de remesturar, transformar e recrear sobre o material, distribuíndo as modificacións coa mesma licenza cá orixinal.
- Obriga de dar o recoñecemento apropiado, fornecer un vínculo á licenza e indicar se se fixeron cambios.